


ALONSO MONTERO, Xesús, Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948),

Xerais.- O recompilador presenta cento vinte escritos que recollen as últimas reflexións e vontades de persoas de tódalas clases sociais e niveis de instrución, dirixentes, militantes e simpatizantes de partidos ou simples cidadáns leais á legalidade republicana. Emocionante expresión do drama da guerra civil e das súas consecuencias.

**Guía medieval do peregrino. Códice Calixtino, Ilbro V**


(edición de X. E. López Pereira), Xerais.- Ás portas dun novo ano xacobeo é oportuno ler este clásico, guía para os peregrinos do século XII chea de curiosidades sobre etapas, lugares de culto que deben visitarse, accidentes xeográficos, xuízos sobre algúns habitantes de pobos polos que atravesara o camiño, a configuración urbana de Compostela ou a arquitectura e arte da catedral da época.

PERLES FONTAO, Juan José, Rutas arqueolóxicas no Parque Natural do Monte Aloia

- Sigamos as pegadas deixadas polos nosos devanceiros no Monte Aloia da man desta breve publicación (94 páxinas), ilustrada con mapas, fotografías, debuxos e pictogramas. Nela encontraremos, despois dunha breve introdución, unha pedagóxica e divulgativa descrición de tres rutas para gozar do patrimonio natural, da historia e da prehistoria.

**ANEIROS, Rosa, Sol de Inverno**

Xerais.- Inverno, a protagonista habita distintos escenarios: a aldea de Antes, Barcelona coas crueldades da guerra, Francia cando fuxe ou no maio do 68, a Cuba dos exiliados e da revolución de Fidel Castro. Para o xurado que lle outorgou o Premio Xerais 2009: "a memoria do exilio, as súas voces e as súas feridas, que Inverno debe lambe unha e outra vez, marcan o pulso desta novela que destaca pola rebeldía dos personaxes na defensa dos ideais e da xustiza."



Boas Festas!

Feliz Aninovo!

**B** **Extra Nadal**i
b
l
i
o
x
o
r
n
a
l**NADAL DOS LIBROS**

As vésperas do *Ano do Libro e da Lectura* son un bo momento para compartir lecturas a carón do lume do fogar e agasallarnos con libros... esas lecturas, eses libros tamén, polos que ninguén nos cualificará mais que gardan o encanto do que facemos por pracer, incluso do que ansiamos por prohibido. As vacacións de Nadal son axeitadas para deixarnos perder polo labirinto dos libros, para deixarnos engaiolar polas lecturas que as cotiás ocupacións nos fan esquecer. Por se vos é útil o equipo de biblioteca fixovos esta pequena selección de títulos, con algún deles ou con calquera outro que nos chame estamos tod@s convidad@s a despedir este ano e entrar no novo. En calquera caso para @s lector@s e non lector@s, para @s amantes dos libros e para @s indiferentes, para tod@s *Bo Nadal! e Próspero 2010, Ano do Libro e da Lectura en Galicia!*

1º e 2º da ESO

GALLEGO GARCÍA, Laura, Finis Mundi, S.M.-




É a primeira novela publicada por Laura Gallego e pola que en 1998 recibiu o premio *El Barco de Vapor*.

Remata o primeiro milenio. Michel, monxe cluniacense, seguindo as revelacións do eremita Bernardo de Turingia (a fin do mundo é inminente) quere salvar á humanidade invocando ao Espírito do Tempo; para iso necesita atopar os tres eixes nos que se apoia a Roda do Tempo. Unha da

súas colaboradoras na busca é a moza galega Lucía (que quere ser xograresa)... Narración moi ben ambientada na Idade Media e que ofrece unha visión do mundo actual mesturado co pasado.


SIERRA I FABRA, Jordi, El asesinato de la profesora de lengua, Anaya.-

Soledad, a profesora de lingua, desespérase polo escaso esforzo dos seus alumnos nas aulas e, se non a deteñen, antes de rematar o día asasinará a un deles. Gaspar e Tasio, axudados por Matilde, Ana e Julio, descifrando palíndromos, encrucillados e adiviñas lograrán evitar a desgraza.



LOWRY, Lois, Conta as estrelas, Oxford.-

Annemarie, unha nena danesa de dez anos, fálanos da importancia da amizade e da capacidade de sacrificio dos seres humanos ante o perigo e a necesidade de supervivencia. Máis aló dos prexuízos cos que o exército alemán invadira e pretendía controlar Dinamarca, do seu afán de exterminar as razas e manipular o pobo xudeu durante a ocupación, Annemarie e a súa familia son un exemplo de solidariedade e valentía.



3º e 4º da ESO

ISHIGURO, Kazuo, Non me delxes nunca, Galaxia.-

Inglaterra, finais dos anos noventa do século XX. Hailsham, un colexio privado situado nunha idílica paisaxe campestre, protexe aos seus alumnos do mundo exterior, failles crer que son especiais, auténticos seres escollidos. Mais, por que están realmente ali? A historia dun destino inesperado (os alumnos son seres clónicos destinados para a doazón de órganos) pon de relevo a fragilidade do ser humano fronte a un mundo aparentemente feliz.



O' FLYNN, Catherine, Lo que perdimos,

Seix Barral.-


Unha intriga detectivesca e unha historia de fantasmas pero tamén unha novela sobre a amizade, a infancia e a busca da felicidade. Un centro comercial convertido nun microcosmos que reflicte o mundo no que vivimos e estamos atrapados. Tódolos personaxes ocultan algo, incluso a pequena Kate, a nena da portada, esconde un misterio que só entendemos de xeito completo cando remata a narración. Unha novela que sabe manter a intriga e garda sorpresas ata o final.



DEFOE, Daniel, Robinson Crusoe.-

Está considerada a primeira novela inglesa. É a autobiografía ficticia dun naufrago inglés, que pasa vinte e oito anos nunha remota illa tropical.


Dáse a circunstancia de que a expedición deste ano da ruta Quetzal noméase *Rumbo a la isla de Robinson Crusoe* porque unha das súas paradas está no arquipélago de Juan Fernández, na súa illa principal viviu no século XVIII un naufrago escocés (no que se inspirou Defoe para escribir a novela)



BACHARELATO

ANEIROS, Rosa, As de bolboreta, Xerais.-

Esta novela, gañadora do Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil 2009, é un quebracabezas formado por breves capítulos. Na cafetería de Patricia danse cita os máis diversos personaxes: o neno africano Manuel, orfo de nai adoptiva, que comparte varias horas do día co seu avó, o matrimonio ancián formado por Lola e Eusebio que viven sós e deben enfrontar as difíciles decisións que esixen a vellez e a aparición da enfermidade, Iqbal, fillo de paquistanís que marchou de Londres tras os atentados terroristas de 2005, a kurda Aysel, impotente diante da indiferenza internacional coa represión que as autoridades turcas practican contra o seu pobo, os dous mozos nixerianos que tentan atravesar a fronteira de Melilla para poder reunirse coa súa tía, que agarda unha chamada que confirme a chegada dos seus sobriños a Galicia, os covardes Paco e Adolfo...



VILLAR, Domingo, Ollos de auga, Galaxia.-



Novela rápida e entretida, de fácil lectura e que engancha xa nas primeiras follas. Retrata moi ben Vigo e os seus arredores. Os personaxes están moi logrados, sobre todo Rafa, que non entende a retranscrición galega, o xogo de palabras, as preguntas como respostas... é moi gracioso.

CAPELLA, Juli, Made In Spain: 101 Iconos del diseño español.-

O libro recolle de xeito ameno e sinxelo a repercusión que tiveron na nosa sociedade inventos que responderon a innovacións feitas dende España. Trata dende éxitos comerciais coma o Chupa Chups ou o SEAT 600 ata outros de interese cultural coma unha cadeira deseñada por Gaudí.

